FAMILIA PROFESIONAL

# AGRARIA

AGRARIA
2026 - 2027

AGRARIA

RIA AG

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

FP FORMACIÓN PROFESIONAL

# AGR
# RARIA A
# AGRARIA

## LENDA

| | |
|---|---|
| **PFB** | Programa formativo básico |
| **CB** | Ciclo formativo de grao básico |
| **CM** | Ciclo formativo de grao medio |
| **CS** | Ciclo formativo de grao superior |
| **AB** | Formación acelerada básica |
| **AM** | Formación acelerada media |
| **AS** | Formación acelerada media |
| **EM** | Curso de especialización de grao medio |
| **ES** | Curso de especialización de grao superior |
| **O** | Oferta ordinaria presencial |
| **O** | Oferta ordinaria a distancia |
| **P** | Oferta modular presencial |
| **D** | Oferta modular a distancia |
| **I** | Oferta réxime dual intensivo |

Duración: 2000 horas

## CB | Actividades agropecuarias

**Que se aprende a facer?**

Realizar operacións auxiliares en explotacións agrogandeiras relacionadas, entre outras cousas, con cultivos agrícolas, co manexo do gando e co envasamento e a distribución de produtos agroalimentarios, seguindo instrucións de superiores ou plan de traballo, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, as de benestar animal, as de seguridade alimentaria e as boas prácticas gandeiras, e comunicándose oralmente e por escrito en lingua galega e en lingua castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

**En que ámbitos se traballa?**

Área de produción e/ou na área ambiental en grandes, medianas e pequenas empresas agropecuarias, de carácter público ou privado, que se dediquen a actividades relacionadas co cultivo agrícola e coa gandaría produtiva.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Peón/peoa agrícola|peón/peoa agropecuario|peón/peoa en horticultura|peón/peoa en fruticultura|peón/peoa en cultivos herbáceos|peón/peoa en cultivos de flor cortada|peón/peoa en explotacións gandeiras|auxiliar de muxidura|pastor/a|aplicador/a de biocidas en explotacións e vehículos gandeiros|peón/peoa da industria alimentaria.

**Que título se obtén?**

Título de Técnico básico en Actividades agropecuarias.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | AM3163 | Ciencias aplicadas I | 146 |
| 1º | AM3161 | Comunicación e ciencias sociais I | 175 |
| 1º | MP3159 | Itinerario persoal para a empregabilidade | 60 |
| 1º | MP3052 | Operacións auxiliares de obtención e colleita de cultivos | 237 |
| 1º | MP3051 | Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos | 117 |
| 1º | MP3114 | Operacións básicas de manexo da produción gandeira | 175 |
| 2º | AM3164 | Ciencias aplicadas II | 146 |
| 2º | AM3162 | Comunicación e ciencias sociais II | 125 |
| 2º | MP3111 | Envasamento e distribución de materias primas agroalimentarias | 163 |
| 2º | MP3113 | Operacións auxiliares de cría e alimentación do gando | 408 |
| 2º | MP3115 | Operacións auxiliares de mantemento e hixiene en instalacións gandeiras | 163 |
| 2º | MP3160 | Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa | 25 |

# CB | Actividades agropecuarias

## Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

| Módulos profesionais | | Unidades de competencia | |
|---|---|---|---|
| MP3051 | Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos | UC0517_1 | Realizar operacións auxiliares para a preparación do terreo, a sementeira e a plantación de cultivos agrícolas |
| MP3052 | Operacións auxiliares de obtención e colleita de cultivos | UC0518_1 | Realizar operacións auxiliares para a rega, a fertilización e a aplicación de tratamentos en cultivos agrícolas |
| | | UC0519_1 | Realizar operacións auxiliares nos coidados culturais e de colleita de cultivos, e no mantemento das instalacións en explotacións agrícolas |
| MP3113 | Operacións auxiliares de cría e alimentación do gando | UC0712_1 | Realizar operacións auxiliares de reprodución en gandaría |
| | | UC0714_1 | Realizar o pastoreo do gando |
| MP3114 | Operacións básicas de manexo da produción gandeira | UC0713_1 | Realizar operacións auxiliares de manexo da produción en explotacións gandeiras |
| MP3115 | Operacións auxiliares de mantemento e hixiene en instalacións gandeiras | UC0715_1 | Realizar operacións auxiliares de mantemento de instalacións e manexo da maquinaria e dos equipamentos en explotacións gandeiras |

## Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

| Unidades de competencia | | Módulos profesionais | |
|---|---|---|---|
| UC0517_1 | Realizar operacións auxiliares para a preparación do terreo, a sementeira e a plantación de cultivos agrícolas | MP3051 | Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos |
| UC0518_1 | Realizar operacións auxiliares para a rega, a fertilización e a aplicación de tratamentos en cultivos agrícolas | MP3052 | Operacións auxiliares de obtención e colleita de cultivos |
| UC0519_1 | Realizar operacións auxiliares nos coidados culturais e de colleita de cultivos, e no mantemento das instalacións en explotacións agrícolas | | |
| UC0712_1 | Realizar operacións auxiliares de reprodución en gandaría | MP3113 | Operacións auxiliares de cría e alimentación do gando |
| UC0714_1 | Realizar o pastoreo do gando | | |
| UC0713_1 | Realizar operacións auxiliares de manexo da produción en explotacións gandeiras | MP3114 | Operacións básicas de manexo da produción gandeira |
| UC0715_1 | Realizar operacións auxiliares de mantemento de instalacións e manexo da maquinaria e dos equipamentos en explotacións gandeiras | MP3115 | Operacións auxiliares de mantemento e hixiene en instalacións gandeiras |

Duración: 2000 horas

## CB | Agroxardinaría e composicións florais

**Que se aprende a facer?**

Elaborar composicións con flores e plantas e realizar operacións auxiliares en cultivos, en produción de planta en invernadoiros ou en centros de xardinaría, colaborando na preparación do terreo e na implantación e o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

**En que ámbitos se traballa?**

Traballos auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas en empresas dedicadas á ornamentación floral e/ou decoración de espazos e eventos. Tamén desenvolven a súa actividade profesional na área de produción e/ou na área de ambiente en grandes, medianas e pequenas empresas, tanto públicas como privadas, dedicadas ao cultivo agrícola, á produción de plantas e á instalación e o mantemento de xardíns e zonas verdes. Están, ademais, capacitadas para realizar tratamentos praguicidas de nivel básico, segundo a actividade regulada pola normativa correspondente.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Peón/peoa agrícola|peón/peoa agropecuario|peón/peoa en horticultura|peón/peoa en fruticultura|peón/peoa en cultivos herbáceos|peón/peoa en cultivos de flor cortada|peón/peoa de xardinaría|peón/peoa de viveiro|peón/peoa de centros de xardinaría|peón/peoa de campos deportivos|peón/peoa de floraría|auxiliar de floraría|auxiliar de almacén de flores.

**Que título se obtén?**

Título de Técnico básico en Agroxardinaría e composicións florais.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | AM3163 | Ciencias aplicadas I | 146 |
| 1º | AM3161 | Comunicación e ciencias sociais I | 175 |
| 1º | MP3159 | Itinerario persoal para a empregabilidade | 60 |
| 1º | MP3051 | Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos | 117 |
| 1º | MP3053 | Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría | 175 |
| 1º | MP3055 | Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes | 117 |
| 1º | MP3056 | Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes | 120 |
| 2º | MP3050 | Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos | 285 |
| 2º | AM3164 | Ciencias aplicadas II | 146 |
| 2º | AM3162 | Comunicación e ciencias sociais II | 125 |
| 2º | MP3057 | Materiais de floraría | 204 |
| 2º | MP3054 | Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas | 245 |
| 2º | MP3160 | Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa | 25 |

# CB | Agroxardinaría e composicións florais

## Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

| Módulos profesionais | | Unidades de competencia | |
|---|---|---|---|
| MP3050 | Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos | UC0518_1 | Realizar operacións auxiliares para a rega, a fertilización e a aplicación de tratamentos en cultivos agrícolas |
| MP3051 | Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos | UC0517_1 | Realizar operacións auxiliares para a preparación do terreo, a sementeira e a plantación de cultivos agrícolas |
| MP3053 | Operacións básicas de producción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría | UC0520_1 | Realizar operacións auxiliares para a produción e o mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría |
| MP3054 | Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas | UC1114_1 | Realizar traballos auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas |
| | | UC1115_1 | Atender e prestar servizos ao público en floraría |
| MP3055 | Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes | UC0521_1 | Realizar operacións auxiliares para a instalación de xardíns, parques e zonas verdes |
| MP3056 | Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes | UC0522_1 | Realizar operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes |
| MP3057 | Materiais de floraría | UC1112_1 | Realizar operacións auxiliares de mantemento das instalacións, maquinaria, equipamentos e ferramentas de floraría |
| | | UC1113_1 | Recibir e acondicionar materias primas e materiais de floraría |

## CB | Agroxardinaría e composicións florais

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

| Unidades de competencia | | Módulos profesionais | |
|---|---|---|---|
| UC0518_1 | Realizar operacións auxiliares para a rega, a fertilización e a aplicación de tratamentos en cultivos agrícolas | MP3050 | Actividades de rega, fertilización e tratamentos en cultivos |
| UC0517_1 | Realizar operacións auxiliares para a preparación do terreo, a sementeira e a plantación de cultivos agrícolas | MP3051 | Operacións auxiliares de preparación do terreo, plantación e sementeira de cultivos |
| UC0520_1 | Realizar operacións auxiliares para a produción e o mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría | MP3053 | Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría |
| UC1114_1 | Realizar traballos auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas | MP3054 | Operacións auxiliares na elaboración de composicións con flores e plantas |
| UC1115_1 | Atender e prestar servizos ao público en floraría | | |
| UC0521_1 | Realizar operacións auxiliares para a instalación de xardíns, parques e zonas verdes | MP3055 | Operacións básicas en instalación de xardíns, parques e zonas verdes |
| UC0522_1 | Realizar operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes | MP3056 | Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes |
| UC1112_1 | Realizar operacións auxiliares de mantemento das instalacións, maquinaria, equipamentos e ferramentas de floraría | MP3057 | Materiais de floraría |
| UC1113_1 | Recibir e acondicionar materias primas e materiais de floraría | | |

Duración: 2000 horas

## CB | Aproveitamentos forestais

**Que se aprende a facer?**

Realizar operacións auxiliares para a conservación, a mellora e o aproveitamento do monte, así como de produción de planta en invernadoiros ou en centros de xardinaría, e levar a cabo operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

**En que ámbitos se traballa?**

Na área de produción e/ou na área ambiental en grandes, medianas e pequenas empresas, tanto públicas como privadas, dedicadas a traballos de repoboación forestal, tratamentos silvícolas e traballos de mellora, mantemento da infraestrutura forestal e aproveitamentos forestais. Ademais, realizan traballos auxiliares no mantemento de xardíns, áreas recreativas e zonas verdes.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Peón/peoa forestal|peón/peoa agropecuario|peón/peoa en cultivos herbáceos|peón/peoa de xardinaría|peón/peoa de viveiro|peón/peoa en explotacións forestais|peón/peoa en empresas de implantacións forestais|peón/peoa en empresas de tratamentos silvícolas|peón/peoa en empresas de aproveitamentos forestais|aplicador/a de nivel básico de praguicidas de uso fitosanitario|peón/peoa en empresas de mantemento de xardíns.

**Que título se obtén?**

Título de Técnico básico en Aproveitamentos forestais.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | AM3163 | Ciencias aplicadas I | 146 |
| 1º | MP3121 | Colleita de produtos forestais | 117 |
| 1º | AM3161 | Comunicación e ciencias sociais I | 175 |
| 1º | MP3159 | Itinerario persoal para a empregabilidade | 60 |
| 1º | MP3053 | Operacións básicas de produción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría | 175 |
| 1º | MP3119 | Traballos de aproveitamentos forestais | 237 |
| 2º | AM3164 | Ciencias aplicadas II | 146 |
| 2º | AM3162 | Comunicación e ciencias sociais II | 125 |
| 2º | MP3056 | Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes | 204 |
| 2º | MP3160 | Proxecto intermodular de aprendizaxe colaborativa | 25 |
| 2º | MP3118 | Repoboación e infraestruturas forestais | 285 |
| 2º | MP3120 | Silvicultura e pragas | 245 |

## CB | Aproveitamentos forestais

### Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

| Módulos profesionais | | Unidades de competencia | |
|---|---|---|---|
| MP3053 | Operacións básicas de producción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría | UC0520_1 | Realizar operacións auxiliares para a producción e o mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría |
| MP3056 | Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes | UC0522_1 | Realizar operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes |
| MP3118 | Repoboación e infraestruturas forestais | UC1293_1 | Realizar actividades auxiliares de repoboación, corrección hidrolóxica, e construción e mantemento de infraestruturas forestais |
| MP3119 | Traballos de aproveitamentos forestais | UC1290_1 | Realizar actividades auxiliares en aproveitamentos madeireiros |
| | | UC1291_1 | Realizar operacións de descortizadura |
| MP3120 | Silvicultura e pragas | UC1294_1 | Realizar actividades auxiliares en tratamentos silvícolas |
| | | UC1295_1 | Realizar actividades auxiliares no control de axentes causantes de pragas e enfermidades ás plantas forestais |
| MP3121 | Colleita de produtos forestais | UC1292_1 | Apañar froitos, sementes, fungos, plantas e outros produtos forestais comercializables |

### Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

| Unidades de competencia | | Módulos profesionais | |
|---|---|---|---|
| UC0520_1 | Realizar operacións auxiliares para a producción e o mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría | MP3053 | Operacións básicas de producción e mantemento de plantas en viveiros e centros de xardinaría |
| UC0522_1 | Realizar operacións auxiliares para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes | MP3056 | Operacións básicas para o mantemento de xardíns, parques e zonas verdes |
| UC1293_1 | Realizar actividades auxiliares de repoboación, corrección hidrolóxica, e construción e mantemento de infraestruturas forestais | MP3118 | Repoboación e infraestruturas forestais |
| UC1290_1 | Realizar actividades auxiliares en aproveitamentos madeireiros | MP3119 | Traballos de aproveitamentos forestais |
| UC1291_1 | Realizar operacións de descortizadura | | |
| UC1294_1 | Realizar actividades auxiliares en tratamentos silvícolas | MP3120 | Silvicultura e pragas |
| UC1295_1 | Realizar actividades auxiliares no control de axentes causantes de pragas e enfermidades ás plantas forestais | | |
| UC1292_1 | Apañar froitos, sementes, fungos, plantas e outros produtos forestais comercializables | MP3121 | Colleita de produtos forestais |

Duración: 2000 horas

## CM | Aproveitamento e conservación do medio natural

**Que se aprende a facer?**

A competencia xeral deste título consiste en realizar as operacións de repoboación forestal, de restauración ou ordenación hidrolóxico-forestal e de aproveitamento forestal, así como o control e a vixilancia do medio natural, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións forestais, consonte a normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.

**En que ámbitos se traballa?**

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, tanto públicas como privadas, dedicadas aos traballos de repoboación forestal, de restauración e ordenación hidrolóxica forestal, e de aproveitamento forestal, así como de control e vixilancia do medio natural. Trátase de traballadores e traballadoras que poden exercer a súa actividade por conta allea ou por conta propia, que se integran en equipos de traballo con outras persoas do mesmo ou de inferior nivel de cualificación, dependendo organicamente de mandos intermedios. En certos casos de empresas pequenas, poden ter baixo a súa responsabilidade persoal operario, pero coa supervisión de responsables de produción.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Traballador/a cualificado/a por conta propia e por conta allea en actividades forestais e similares, en hortas, viveiros e xardíns, en propagación e cultivo de plantas en viveiro|maquinista de procesadora forestal|traballador/a especializado/a en inventario, seguimento e adecuación do hábitat natural e de especies acuícolas continentais e cinexéticas, en repoboacións de especies cinexéticas, piscícolas e astacícolas|especialista en colleita de sementes e froitos en altura, en produción de sementes, en aproveitamentos de madeiras, cortiza e leñas, en traballos de altura nas árbores, de empresas de repoboación, que realicen tratamentos silvícolas, que realicen traballos de construción e mantemento de camiños e que realicen traballos de corrección hidrolóxico-forestal|motoserrista, abatedor/a e cortador/a de toradas|aplicador/a de produtos fitosanitarios|enxertador/a|auxiliar en traballos de control legal de depredadores ou especies invasoras|guía de actividades de turismo cinexético-piscícola|corcheiro/a|traballador/a en viveiros en xeral.

**Que título se obtén?**

Título de Técnico en Aproveitamento e conservación do medio natural.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | MP0404 | Fundamentos agronómicos | 131 |
| 1º | MP0156 | Inglés profesional | 60 |
| 1º | MP1709 | Itinerario persoal para a empregabilidade I | 107 |
| 1º | MP0837 | Maquinaria e instalacións forestais | 184 |
| 1º | MP0409 | Principios de sanidade vexetal | 80 |
| 1º | MP0835 | Produción de planta forestal en viveiro | 158 |
| 1º | MP0832 | Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas | 210 |
| 1º | MP1708 | Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo | 30 |
| 2º | MO0003 | Afondamento nas competencias profesionais* | 30 |
| 2º | MP0833 | Aproveitamento do medio natural | 301 |
| 2º | MP0834 | Conservación das especies cinexéticas e piscícolas | 164 |
| 2º | MP0479 | Control fitosanitario | 109 |
| 2º | MP1664 | Dixitalización aplicada ao sistema produtivo | 30 |
| 2º | MO0001 | Habilidades comunicativas en lingua estranxeira* | 60 |
| 2º | MP1710 | Itinerario persoal para a empregabilidade II | 50 |
| 2º | MP0836 | Prevención de incendios forestais | 137 |
| 2º | MP1713 | Proxecto intermodular | 50 |
| 2º | MP0838 | Uso público en espazos naturais | 109 |

**Nota*:** Módulos optativos

## CM | Aproveitamento e conservación do medio natural

### Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

| Módulos profesionais | | Unidades de competencia | |
|---|---|---|---|
| MP0409<br>MP0479 | Principios de sanidade vexetal<br>Control fitosanitario | UC0525_2 | Controlar as pragas, as enfermidades, as malas herbas e as fisiopatías |
| MP0832 | Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas | UC1125_2 | Realizar operacións de repoboación forestal e de corrección hidrolóxico-forestal |
| | | UC1126_2 | Realizar tratamentos silvícolas |
| MP0833 | Aproveitamento do medio natural | UC1116_2 | Realizar o abatemento e o procesamento de árbores con motoserra |
| | | UC1117_2 | Realizar o abatemento e procesamento de árbores con colleitadora forestal |
| MP0834 | Conservación das especies cinexéticas e piscícolas | UC1473_2 | Realizar traballos de repoboación de especies acuícolas continentais e de conservación e mellora do seu hábitat |
| | | UC1475_2 | Realizar traballos de repoboación de especies cinexéticas |
| MP0835 | Produción de planta forestal en viveiro | UC1479_2 | Realizar operacións de propagación de plantas en viveiro |
| MP0837 | Maquinaria e instalacións forestais | UC1121_2 | Manexar tractores forestais e realizar o seu mantemento |

### Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

| Unidades de competencia | | Módulos profesionais | |
|---|---|---|---|
| UC0525_2 | Controlar as pragas, as enfermidades, as malas herbas e as fisiopatías | MP0409<br>MP0479 | Principios de sanidade vexetal<br>Control fitosanitario |
| UC1125_2 | Realizar operacións de repoboación forestal e de corrección hidrolóxico-forestal | MP0832 | Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas |
| UC1126_2 | Realizar tratamentos silvícolas | | |
| UC1116_2 | Realizar o abatemento e o procesamento de árbores con motoserra | MP0833 | Aproveitamento do medio natural |
| UC1117_2 | Realizar o abatemento e procesamento de árbores con colleitadora forestal | | |
| UC1473_2 | Realizar traballos de repoboación de especies acuícolas continentais e de conservación e mellora do seu hábitat | MP0834 | Conservación das especies cinexéticas e piscícolas |
| UC1475_2 | Realizar traballos de repoboación de especies cinexéticas | | |
| UC1479_2 | Realizar operacións de propagación de plantas en viveiro | MP0835 | Produción de planta forestal en viveiro |
| UC1121_2 | Manexar tractores forestais e realizar o seu mantemento | MP0837 | Maquinaria e instalacións forestais |

Duración: 2000 horas

# CM | Produción agroecolóxica

**Que se aprende a facer?**

Realizar as actividades axeitadas para a obtención de produtos agropecuarios ecolóxicos con técnicas agrícolas e gandeiras, para a mellora da biodiversidade e da estabilidade do medio, e da fertilidade do solo, en condicións de calidade e aplicando a regulamentación de produción ecolóxica, de benestar animal, de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

**En que ámbitos se traballa?**

En empresas públicas e privadas dedicadas ao cultivo e/ou á produción gandeira ecolóxica, por conta propia ou allea. Dentro da produción agroecolóxica atopamos as seguintes actividades: explotacións frutícolas, hortícolas e de cultivos herbáceos ecolóxicos; explotacións pecuarias ecolóxicas; empresas de produción de plantas para xardinaría ecolóxica; institucións de investigación e experimentación en cultivos e en produción gandeira ecolóxica; empresas de servizo á agricultura e á gandaría ecolóxica; viveiros e hortas escolares; empresas de certificación de produtos ecolóxicos; granxas-escola e aulas de natureza.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Traballador/a cualificado/a por conta allea e por conta propia en cultivos e en gandaría ecolóxica|agricultor/a ecolóxico/a|criador/a de gando ecolóxico|avicultor/a ecolóxico/a|apicultor/a ecolóxico/a|produtor/a de leite ecolóxico|produtor/a de ovos ecolóxicos|viveirista ecolóxico/a|operador/a de maquinaria agrícola e gandeira.

**Que título se obtén?**

Título de Técnico en Produción agroecolóxica.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | MP0404 | Fundamentos agronómicos | 131 |
| 1º | MP0405 | Fundamentos zootécnicos | 157 |
| 1º | MP0406 | Implantación de cultivos ecolóxicos | 157 |
| 1º | MP0408 | Infraestruturas e instalacións agrícolas | 107 |
| 1º | MP0156 | Inglés profesional | 60 |
| 1º | MP1709 | Itinerario persoal para a empregabilidade I | 107 |
| 1º | MP0409 | Principios de sanidade vexetal | 80 |
| 1º | MP1708 | Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo | 30 |
| 1º | MP0407 | Taller e equipamentos de tracción | 131 |
| 2º | MO0003 | Afondamento nas competencias profesionais* | 30 |
| 2º | MP0413 | Comercialización de produtos agroecolóxicos | 109 |
| 2º | MP1664 | Dixitalización aplicada ao sistema produtivo | 30 |
| 2º | MO0001 | Habilidades comunicativas en lingua estranxeira* | 60 |
| 2º | MP1710 | Itinerario persoal para a empregabilidade II | 50 |
| 2º | MP0412 | Manexo sanitario do agrosistema | 137 |
| 2º | MP0411 | Produción gandeira ecolóxica | 301 |
| 2º | MP0410 | Produción vexetal ecolóxica | 273 |
| 2º | MP1713 | Proxecto intermodular | 50 |

**Nota*:** Módulos optativos

Duración: 2000 horas

## CM | Produción agroecolóxica

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

| Módulos profesionais | | Unidades de competencia | |
|---|---|---|---|
| MP0406 | Implantación de cultivos ecolóxicos | UC0716_2 | Preparar o terreo e implantar cultivos en explotacións ecolóxicas |
| MP0404 | Fundamentos agronómicos | UC0723_2 | Preparar o terreo e implantar pastos e cultivos herbáceos en explotacións gandeiras ecolóxicas |
| MP0410 | Produción vexetal ecolóxica | UC0717_2 | Manexar o solo e realizar os labores culturais e de colleita en explotacións ecolóxicas |
| MP0410 | Produción vexetal ecolóxica | UC0717_2 | Manexar o solo e realizar os labores culturais e de colleita en explotacións ecolóxicas |
| MP0412 | Manexo sanitario do agrosistema | UC0718_2 | Controlar e manexar o estado sanitario do agroecosistema |
| MP0409 | Principios de sanidade vexetal | UC0724_2 | Realizar os labores de produción e de colleita de pastos e cultivos herbáceos para alimentación en gandaría ecolóxica |
| MP0407 | Taller e equipamentos de tracción | UC0526_2 | Manexar tractores e montar instalacións agrarias, e realizar o seu mantemento |
| MP0408 | Infraestruturas e instalacións agrícolas | UC0006_2 | Montar e manter as instalacións, maquinaria e os equipamentos da explotación gandeira |
| MP0411 | Produción gandeira ecolóxica | UC0725_2 | Realizar operacións de manexo racional do gando en explotacións ecolóxicas |
| MP0405 | Fundamentos zootécnicos | UC0726_2 | Producir animais e produtos animais ecolóxicos |

# CM | Produción agroecolóxica

## Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

| Unidades de competencia | | Módulos profesionais | |
|---|---|---|---|
| UC0716_2 | Preparar o terreo e implantar cultivos en explotacións ecolóxicas | MP0406 | Implantación de cultivos ecolóxicos |
| UC0723_2 | Preparar o terreo e implantar pastos e cultivos herbáceos en explotacións gandeiras ecolóxicas | MP0406 | Implantación de cultivos ecolóxicos |
| UC0006_2 | Montar e manter as instalacións, maquinaria e os equipamentos da explotación gandeira | MP0407 | Taller e equipamentos de tracción |
| UC0717_2 | Manexar o solo e realizar os labores culturais e de colleita en explotacións ecolóxicas | MP0410 | Produción vexetal ecolóxica |
| UC0724_2 | Realizar os labores de produción e de colleita de pastos e cultivos herbáceos para alimentación en gandaría ecolóxica | MP0410 | Produción vexetal ecolóxica |
| | | MP0412 | Manexo sanitario do agrosistema |
| UC0526_2 | Manexar tractores e montar instalacións agrarias, e realizar o seu mantemento | MP0407 | Taller e equipamentos de tracción |
| | | MP0408 | Infraestruturas e instalacións agrícolas |
| UC0718_2 | Controlar e manexar o estado sanitario do agroecosistema | MP0409 | Principios de sanidade vexetal |
| | | MP0412 | Manexo sanitario do agrosistema |
| UC0725_2 | Realizar operacións de manexo racional do gando en explotacións ecolóxicas | MP0411 | Produción gandeira ecolóxica |
| UC0726_2 | Producir animais e produtos animais ecolóxicos | MP0405 | Fundamentos zootécnicos |

Duración: 2000 horas

## CM | Produción agropecuaria

**Que se aprende a facer?**

Realizar as actividades axeitadas para a obtención de produtos e subprodutos agropecuarios atendendo a criterios de calidade e rendibilidade, realizando operacións de produción e de mantemento das instalacións e dos equipamentos, conforme a lexislación de protección ambiental, de prevención de riscos laborais, de benestar animal e de seguridade alimentaria.

**En que ámbitos se traballa?**

En empresas públicas e privadas dedicadas ao cultivo e/ou á produción gandeira, por conta allea ou por conta propia. Sitúanse dentro do sector agropecuario as seguintes actividades produtivas: explotacións frutícolas, hortícolas e de cultivos herbáceos; explotacións pecuarias; institucións de investigación e experimentación en cultivos e en produción gandeira; empresas de servizo á agricultura e á gandaría; viveiros e hortas escolares; granxas-escola.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Traballador/a cualificado/a por conta allea en cultivos e gandaría|traballador/a cualificado/a por conta propia en cultivos e gandaría|agricultor/a|horticultor/a|fruticultor/a|floricultor/a|criador/a de gando|avicultor/a|apicultor/a|produtor/a de leite|produtor/a de ovos|operador/a de maquinaria agrícola e gandeira.

**Que título se obtén?**

Título de Técnico en Produción agropecuaria.

**Cales son os módulos deste ciclo?**

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

| Curso | Código | Módulos profesionais | Horas |
|---|---|---|---|
| 1º | MP0404 | Fundamentos agronómicos | 131 |
| 1º | MP0405 | Fundamentos zootécnicos | 157 |
| 1º | MP0475 | Implantación de cultivos | 157 |
| 1º | MP0408 | Infraestruturas e instalacións agrícolas | 107 |
| 1º | MP0156 | Inglés profesional | 60 |
| 1º | MP1709 | Itinerario persoal para a empregabilidade I | 107 |
| 1º | MP0409 | Principios de sanidade vexetal | 80 |
| 1º | MP1708 | Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo | 30 |
| 1º | MP0407 | Taller e equipamentos de tracción | 131 |
| 2º | MO0003 | Afondamento nas competencias profesionais* | 30 |
| 2º | MP0479 | Control fitosanitario | 109 |
| 2º | MP1664 | Dixitalización aplicada ao sistema produtivo | 30 |
| 2º | MO0001 | Habilidades comunicativas en lingua estranxeira* | 60 |
| 2º | MP1710 | Itinerario persoal para a empregabilidade II | 50 |
| 2º | MP0476 | Produción agrícola | 273 |
| 2º | MP0478 | Produción de carne e outras producións gandeiras | 219 |
| 2º | MP0477 | Produción de leite, ovos e animais para vida | 219 |
| 2º | MP1713 | Proxecto intermodular | 50 |

**Nota*:** Módulos optativos

## CM | Produción agropecuaria

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

| Módulos profesionais | | Unidades de competencia | |
|---|---|---|---|
| MP0404 | Fundamentos agronómicos | UC0523_2 | Realizar os labores de preparación do terreo e de sementeira e/ou transplante en cultivos herbáceos |
| MP0475 | Implantación de cultivos | UC0527_2 | Realizar os labores de preparación do terreo e de plantación de cultivos leñosos (froiteiras de oso e de pebida, vide, oliveira e cítricos) |
| | | UC0529_2 | Realizar os labores de preparación do terreo e de sementeira e/ou transplante en cultivos hortícolas e de flor cortada |
| MP0476 | Produción agrícola | UC0524_2 | Realizar as operacións de cultivo, colleita, transporte e almacenamento dos cultivos herbáceos |
| | | UC0528_2 | Realizar as operacións de cultivo, colleita, transporte e primeiro acondicionamento da colleita de cultivos leñosos |
| | | UC0530_2 | Realizar as operacións de cultivo, colleita, transporte e almacenamento dos cultivos hortícolas e de flor cortada |
| MP0409 | Principios de sanidade vexetal | UC0525_2 | Controlar as pragas, as enfermidades, as malas herbas e as fisiopatías |
| MP0479 | Control fitosanitario | | |
| MP0408 | Infraestruturas e instalacións agrícolas | UC0526_2 | Manexar tractores e montar instalacións agrarias, e realizar o seu mantemento |
| MP0407 | Taller e equipamentos de tracción | UC0006_2 | Montar e manter as instalacións, maquinaria e os equipamentos da explotación gandeira |
| MP0405 | Fundamentos zootécnicos | UC0004_2 | Realizar operacións de produción en porcas de reposición, reprodutores e porcos lactantes |
| MP0477 | Produción de leite, ovos e animais para vida | UC0005_2 | Realizar operacións de produción en porcos de recría e ceba |
| MP0478 | Produción de carne e outras producións gandeiras | UC2306_2 | Realizar operacións de produción en gando ovino e caprino de reposición, de reprodutores e para obtención de leite e de la e peles |
| | | UC2307_2 | Realizar operacións de produción en ruminantes de ovino e caprino de ceba |
| | | UC2309_2 | Producir gando bovino de renovo, reprodutores e lactantes para a obtención de leite |
| | | UC2310_2 | Producir bovinos de recría e de ceba para a obtención de carne |
| | | UC0281_2 | Producir aves para reprodución e obtención de carne e ovos |
| | | UC0282_2 | Producir coellos para reprodución, obtención de carne e outras producións cunícolas |

## CM | Produción agropecuaria

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

| Unidades de competencia | | Módulos profesionais | |
|---|---|---|---|
| UC0523_2 | Realizar os labores de preparación do terreo e de sementeira e/ou transplante en cultivos herbáceos | MP0475 | Implantación de cultivos |
| UC0527_2 | Realizar os labores de preparación do terreo e de plantación de cultivos leñosos (froiteiras de oso e de pebida, vide, oliveira e cítricos) | MP0475 | Implantación de cultivos |
| UC0529_2 | Realizar os labores de preparación do terreo e de sementeira e/ou transplante en cultivos hortícolas e de flor cortada | MP0475 | Implantación de cultivos |
| UC0524_2 | Realizar as operacións de cultivo, colleita, transporte e almacenamento dos cultivos herbáceos | MP0476 | Produción agrícola |
| UC0528_2 | Realizar as operacións de cultivo, colleita, transporte e primeiro acondicionamento da colleita de cultivos leñosos | MP0476 | Produción agrícola |
| UC0530_2 | Realizar as operacións de cultivo, colleita, transporte e almacenamento dos cultivos hortícolas e de flor cortada | MP0476 | Produción agrícola |
| UC0525_2 | Controlar as pragas, as enfermidades, as malas herbas e as fisiopatías | MP0409 | Principios de sanidade vexetal |
| | | MP0479 | Control fitosanitario |
| UC0526_2 | Manexar tractores e montar instalacións agrarias, e realizar o seu mantemento | MP0408 | Infraestruturas e instalacións agrícolas |
| | | MP0407 | Taller e equipamentos de tracción |
| UC0006_2 | Montar e manter as instalacións, maquinaria e os equipamentos da explotación gandeira | MP0407 | Taller e equipamentos de tracción |
| UC0281_2 | Producir aves para reprodución e obtención de carne e ovos | MP0405 | Fundamentos zootécnicos |
| UC0282_2 | Producir coellos para reprodución, obtención de carne e outras producións cunícolas | MP0477 | Produción de leite, ovos e animais para vida |
| UC0004_2 | Realizar operacións de produción en porcas de reposición, reprodutores e porcos lactantes | | |
| UC2306_2 | Realizar operacións de produción en gando ovino e caprino de reposición, de reprodutores e para obtención de leite e de la e peles | | |
| UC2309_2 | Producir gando bovino de renovo, reprodutores e lactantes para a obtención de leite | | |
| UC0005_2 | Realizar operacións de produción en porcos de recría e ceba | MP0405 | Fundamentos zootécnicos |
| UC2307_2 | Realizar operacións de produción en ruminantes de ovino e caprino de ceba | MP0477 | Produción de leite, ovos e animais para vida |
| UC2310_2 | Producir bovinos de recría e de ceba para a obtención de carne | | |

Duración: 2000 horas

## CM | Xardinaría e floraría

**Que se aprende a facer?**

A competencia xeral deste título consiste en instalar, conservar e restaurar xardíns de exterior e interior, así como pradarías para uso deportivo, e realizar as actividades de produción de planta e de floraría, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións, consonte a normativa ambiental, de control de calidade e de prevención de riscos laborais.

**En que ámbitos se traballa?**

Desenvolve a súa actividade en empresas públicas e privadas dedicadas á instalación, o mantemento e a mellora de xardíns de interior, de exterior e de zonas verdes, á produción de plantas e terróns de céspede en viveiro e á creación e elaboración de composicións e ornamentacións con flores e plantas. Ademais, desenvolve actividades de comercialización e distribución, tanto por conta propia como por conta allea. Así mesmo, está capacitado/a para realizar tratamentos praguicidas, segundo a actividade regulada pola normativa e de acordo coa lexislación sobre prevención de riscos laborais.

**Que ocupacións se desempeñan?**

Traballador/a de hortas, viveiros e xardíns|xardineiro/a en xeral|xardineiro/a coidador de campos de deporte|traballador/a de parques urbanos e de xardíns históricos e botánicos|traballador/a cualificado/a na instalación de xardíns e zonas verdes|traballador/a cualificado/a en mantemento e mellora de xardíns e zonas verdes|traballador/a cualificado/a por conta propia en empresa de xardinaría|viveirista|traballador/a en viveiros en xeral|traballador/a cualificado/a en propagación de plantas en viveiros|traballador/a cualificado/a en cultivo de plantas en viveiros|traballador/a especialista en recolección de sementes e froitos en altura|traballador/a cualificado/a en produción de sementes|enxertador/a, traballador/a cualificado en viveiros|florista por conta propia ou allea|oficial de floraría|vendedor/a de floraría.

**Que título se obtén?**

